



EXPDTE	SESIÓN CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL (CES) DO 25.11.2015.	01/2015
TRÁMITE	Borrador da acta.	

Na Sala de Xuntas da sede do Concello de Pontevedra, sita na rúa Michelena nº 30, sendo as 19.17 horas do día referido, reúnense as persoas que se sinalan, baixo a Presidencia que se precisa, co fin de proceder á celebración de sesión segundo orde do día previamente notificado.

Presidencia	D ^a . María Carme da Silva Méndez, en canto Alcadesa accidental.
-------------	---

AEMPE	D. José M ^a Corujo Seguido
Cámara Oficial de Comercio, industria e navegación	D. Eduardo Barros Pereira
Fundación Galicia Obra Social ¹	Escusa a súa asistencia por correo electrónico.

Grupo municipal BNG	D. Raimundo González Carballo
Grupo municipal PP	D. César Alberto Abal González
Grupo municipal PSdG-PSOE	D. Agustín Fernández González
Grupo municipal MaPo	D. Luis Rei Núñez
Grupo municipal Mixto (C's)	D. Borja Prado Miguelez ²

Xunta de Galicia: Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria ³	Escusa a súa asistencia por correo electrónico.
Vicereitorado da Universidade de Vigo	D. Juan Manuel Corbacho Valencia
Federación da AA.VV. Castelao	D. Juan M. Loureiro Taibo

Confederación Intersindical Galega (CIG)	D. Marcos Conde Farto
Unión Xeral de Traballadores (UXT)	D. Xoán Ramón Vidal Trillo
Comisións Obreiras (CC.OO.)	D. Antonio Millares Jorge

Federación de cooperativas Sinerxia	Escusa a súa asistencia por correo electrónico.
-------------------------------------	---

Asisten, así mesmo, en calidade de convidados e sen obxección por ningún dos presentes, a Sra. Concelleira do grupo municipal do BNG D^a. Anabel Gulías Torreiro e o Sr. D. Pedro Figueroa Dorrego, pola Universidade de Vigo.

¹ En canto entidade substituta da Caixa Pontevedra ou entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo-Caixa Ourense, segundo os decretos de convocatoria que se veñen efectuando.

² Segundo designación efectuada para esta sesión pola Sra. Concelleira do grupo.

³ Segundo os decretos de convocatoria: "O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego será a persoa designada pola Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra".

- Secretario: José Luis Mato Rodríguez.

Procede a convocatoria ante a existencia de quórum suficiente, non obstante o que, por esta Secretaría se advirte da necesidade de completar a representación que se sinala nos termos que se expón no punto 1 desta acta.

****Cuestión de orde.**

Antes de dar comezo á análise dos asuntos incluídos na orde do día pregunta o Sr. **Millares Jorge** se o Consello pode ser presidido pola Sra. da Silva Méndez. Por esta **Secretaría**, requirida ao efecto, sinalase que, ante a ausencia de designación de Vicepresidencia polo presidente do CES, que se ostenta pola Alcaldía, e a propia ausencia desta Alcaldía, a súa substitución en todos os ámbitos lle corresponde á Sra. Tenente de Alcalde, é dicir, á Sra. da Silva, quen preside en calidade de Alcaldesa accidental e polo tanto Presidenta.

1. Renovación do CES. Toma de coñecemento.

Habilitado a este efecto pola Presidencia, por esta **Secretaría** infórmase do expediente que se está a tramitar para a renovación do CES de conformidade co seu Regulamento, segundo requirimentos remitidos a cada unha das entidades integrantes.

Dáse conta como, segundo se informa polo Servizo municipal de Promoción Económica, a Federación de AA. de VV “Castelao”, a Federación de cooperativas “Sinergia”, e os sindicatos CIG, UXT e CC.OO, resultan ser os máis representativos no seu eido no ámbito municipal de Pontevedra.

Así mesmo, e segundo os datos comunicados por cada unha das entidades, os seus representantes no CES son:

AEMPE	D. José M ^a Corujo Seguido Suplente: Luis Martínez Trigo.
Cámara Oficial de Comercio, industria e navegación	Non se designou.
Fundación Galicia Obra Social	Non se designou.

Grupo municipal BNG	D. Raimundo González Carballo. Suplente: Calquera outro membro grupo.
Grupo municipal PP	D. César Alberto Abal González Suplente: Calquera outro membro grupo.
Grupo municipal PSdG-PSOE	D. Agustín Fernández González Suplente: D. Iván Puentes Rivera.
Grupo municipal MaPo	D. Luis Rei Núñez Suplente: D ^a María del Carmen Moreira Martínez.
Grupo municipal Mixto (C's)	María José Rey Martínez.

Xunta de Galicia: Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria	Non se designou.
Vicereitorado da Universidade de Vigo	D. Juan Manuel Corbacho Valencia Non designa suplente.
Federación da AA.VV. Castelao	D. Juan M. Loureiro Taibo. Non designa suplente.



Confederación Intersindical Galega (CIG)	D. Marcos Conde Farto Non designa suplente.
Unión Xeral de Traballadores (UXT)	D. Xoán Ramón Vidal Trillo Suplente: M ^ª Teresa Filgueira Prol.
Comisións Obreiras (CC.OO.)	D. Antonio Millares Jorge. Suplente: José Luis García Pedrosa.
Federación de cooperativas Sinerxia	Comunica pendente de celebración do seu Consello Reitor, no que designarán tal representante.

O Sr. D. Eduardo **Barros Pereira** manifesta que a Cámara remitirá a súa designación.

A designación do Sr. Conde Farto non identifica ao órgano que tal efectúa, polo que procedería que se completase.

O Vicerreitorado da Universidade designa, así mesmo, a D. Pedro Figueroa Dorrego con voz e sen voto, o que dependerá de que tal se admita en cada caso polo propio CES, xa que tal posibilidade non se encontra prevista no seu Regulamento.

2. Aprobación da acta da sesión anterior de 22.07.2014.

Toma a palabra o Sr. **Abal González** co fin de solicitar que o borrador se complete, no seu punto 3, cando preguntara ao Sr. Corbacho Valencia sobre se era posible atopar un edificio xa existente en lugar de facer un novo.

Igualmente, insta o Sr. **Millares Jorge** que se reflicta a súa queixa que, segundo manifesta, se efectuou ao principio da sesión, en relación coa propia dinámica de funcionamento do CES e o reiterado incumprimento do réxime de periodicidade das sesións, extremo sobre o que, engade, constantemente chama a atención.

Con estas rectificacións, o borrador da acta resulta aprobado polos Srs. membros asistentes a aquela sesión.

****Cuestión de orde.**

De novo, expresamente pide o Sr. **Millares Jorge** que se faga constar o seu desacordo co incumprimento do Regulamento en canto ás convocatorias de sesións deste Consello, poñendo de manifesto que, segundo informe solicitado a Secretaría, tan so se celebraron 4 sesións nos últimos 5 anos, cando segundo o Regulamento haberían ser cuatrimestrais.

5. Proxectos Fondos FEDER 2014-2020.

Solicita a **Presidencia** a alteración da orde do día da sesión, co fin de tratar o presente asunto e ao encontrarse esperando dous representantes da empresa que presta asesoramento ao Concello para a solicitude destes fondos. Polos presentes admítase sen reparo esta petición.

Xa que logo, pola **Presidencia** invítase a **dous integrantes**, segundo manifestan ser, **da empresa EOSA**, quen efectúan unha presentación tipo power point ante os presentes, comentando diferentes aspectos da mesma, solicitando que polos asistentes se lles remitan propostas segundo as características que precisan, con especial insistencia en que o prazo

da convocatoria remata o 13.01.2016. Conclúen que o modelo da cidade de Pontevedra é idóneo para acceder ás liñas de axudas convocadas, segundo os parámetros a considerar por estas.

Entregan copia aos presentes das diapositivas expostas, unha das que se incorpora por esta Secretaría ao expediente desta sesión.

Toma a palabra o Sr. **Rei Núñez** para formular unha serie de cuestións. Así interésase por coñecer á propia empresa, cándo se lles contratou e desde hai canto están a traballar neste; cuestiona se deberían vincularse as propostas que se fan a que Pontevedra conte cun PXOM (Plan Xeral de ordenación Municipal); pregunta se na iniciativa podería ter cabida unha nova EDAR (estación depuradora de augas residuais).

Polos **representantes da empresa** contéstase que foron contratados logo do verán a través dunha contratación menor; que segundo o art. 7 dos FEDER non cubre esta iniciativa o eido da auga, polo que non podería amparar unha EDAR, é posible que saian outras liñas de subvencións, que de feito existen, pero non na que se está a falar, que se restrinxen ao “desenvolvemento local urbano”. Rematan precisando como considerarán todos os instrumentos cos que conte o Concello, así como os de ordenación do territorio e de ámbito supralocal; pode disporse dun PXOM, sinalan, pero engaden que tamén se pode facer con ARI s (áreas de rehabilitación integral) ou outros instrumentos de protección.

Coincide o Sr. **Abal González** co que sinala o Sr. Rei respecto do PXOM, xa que é o que marca a estratexia de cidade. Chama a atención sobre o feito de que nesta iniciativa compiten moitas cidades, e Pontevedra vai con retraso, probablemente por responsabilidade do goberno municipal, considera. Entende que o proxecto está moi politizado, respondendo ao programa do BNG. Apunta que a participación cidadán é un elemento moi valorable e, sen embargo, non se tivo en conta o parecer de grupos ou persoas implicadas. Amósase escéptico respecto do seu éxito.

Considera que, precisamente, o elemento participativo é o máis innovador deste proxecto a Sra. **Gulías Torreiro**, enfatizando que a convocatoria saíu a semana pasada e instando ao grupo do PP a que faga as súas propias propostas.

Amosa o seu apoio a esta iniciativa o Sr. **Millares Jorge**, se ben bota de menos maior información sobre políticas sociais, de emprego ou empresariais, que son ás áreas nas que se concentra a representación que ostenta.

Polos **representantes da empresa** contéstase que se trata dunha iniciativa FEDER (Fondos estruturais), non do FSE (Fondo social europeo), aínda que unha iniciativa no primeiro ámbito podería beneficiar a posteriores no segundo. Apunta certos reflexos sociais que a iniciativa sobre a que se está a falar podería ter, vantaxes directas e indirectas, aínda que o seu ámbito é metropolitano; invita aos presentes a formular as dúbidas que estimen por correo electrónico, incluso.

Fai uso da palabra o Sr. **Fernández González** quen, en primeiro lugar, apunta que sería máis adecuada a convocatoria de máis sesións cunha orde do día menor. Pregunta cómo, respecto desta iniciativa, se canalizará a participación cidadá, sobre o papel do propio CES, sobre se a proposta se debaterá no CES.

Advirte a **Presidencia** sobre a importancia que para o proxecto tería un apoio unánime por parte do CES á iniciativa. Da conta do limitado dos prazos e anuncia que reunirase ao Consello antes do día 13 para avaliar o proxecto, pero insiste en que sería importante un acordo de apoio xa.



Insiste o Sr. **Fernández** na articulación do proceso participativo.

Contéstase pola **Presidencia** que se articulará a través das diferentes Concellerías, e engadindo o representante da empresa que a través da web poden presentarse propostas.

Interésase o Sr. **Fernández** no que fará o goberno municipal, preguntando sobre se ten programadas reunións co tecido asociativo.

Contéstase pola Sra. **Gulías** que a participación individual poderá efectuarse a través da plataforma precisada, e a colexiada mediante convocatorias de reunións sectoriais e asociativas.

Continúase o debate neste sentido, explicando o representante da empresa que se está a facer o proceso adecuadamente e que logo da convocatoria, porque senón “sería imposible”, o prazo é curto, sinala, pero o marca o Ministerio.

Expón o Sr. **Loureiro Taibo** que a asociación Castelao estivo na presentación do proxecto, como comunidades de montes e outras, na mesma se lle pediu que presentaran propostas, nas que xa están a traballar.

Pregunta o Sr. **Barros Pereira** aos representantes da empresa cuántas cidades se presentan e a cuántas representan eles mesmos, contestándose polos representantes da empresa con referencia ás localidades que se poden presentar ás iniciativas en atención aos tramos poboacionais.

Pola **Presidencia** chámase a atención sobre a discrecionalidade da elección e os moitos factores a considerar.

Apunta o Sr. **Abal González** que estas iniciativas eran “sobradamente coñecidas” antes da convocatoria oficial, e que moitas cidades xa tiñan avanzado moito antes desta última, especialmente no que atinxe á participación. Entende que neste caso se actuou unilateralmente e que habería que explorar outras posibilidades.

Cuestiónase polos presentes se pode votarse nesta sesión o apoio á iniciativa, ou os termos dun hipotético acordo do CES neste sentido.

Por esta **Secretaría** advírtese que o punto non consta con proposta de acordo na orde do día, nin así se deduce de tal.

Pola **Presidencia** insístese en demandar un pronunciamento do CES, aínda que en abstracto, que versaría sen máis sobre aprobar presentarse á convocatoria efectuada en virtude de Orde HAP (Hacienda e Administracións Públicas)/2427/2015, BOE 17.11.2015 (12423 ref.), pero sen aprobar neste momento ningún proxecto en concreto.

Bota de menos información máis precisa o Sr. **Prado Miguez**.

Polos representantes da empresa continúaase brevemente coa explicación do alcance da convocatoria, e pola **Presidencia** instase que o CES apoie a mera concorrencia á convocatoria, xa que se está a falar da posibilidade de obter financiamento por importe de 18 millóns de euros. Insiste en que neste momento non se aprobará ningún proxecto, senón tan só acudir á convocatoria, o proxecto someterase posteriormente ao CES, engade.

Sen máis intervencións, o Consello Económico e Social, por unanimidade dos presentes, acorda apoiar que se concorra á convocatoria efectuada en virtude de Orde HAP (Hacienda e Administracións Públicas)/2427/2015, publicada no BOE 17.11.2015 (12423 ref.).

*****INCIDENCIAS**.- Neste momento abandonan a sala os representantes segundo sinalan da empresa EOSA.

3. Información sobre os criterios e liñas xerais do Proxecto de Orzamentos municipais para 2016.

Polo Sr. **González Carballo** anúnciase como hoxe mesmo acaba de presentarse os Orzamentos, a memoria xa se lle remitiu aos presentes e de ser necesario poderían enviarse.

Solicita o Sr. **Millares Jorge** a súa remisión por correo electrónico.

Continúase polo Sr. **González Carballo** dando as cifras globais e os datos principais do proxecto de Orzamentos, remitíndose á Memoria enviada previamente e que consta no expediente. Alude a que se crean 3 direccións xerais, a previsións no eido do persoal, administración electrónica, gastos sociais, organismos autónomos e sociedade de turismo... Expón que se prevé incremento de ingresos pola repercusión das obras que se contemplan na economía local. Cita algunhas das partidas previstas, como saneamento -basicamente rede de sumidoiros de Mourente e o saneamento do Gafos-; infraestruturas deportivas; accesibilidade urbana e rural, etc. Anuncia como están convocadas dúas comisións informativas para tratar os presupostos, o venres e o martes.

Engade que o aforro bruto é de 9,2 millóns de euros, aproximadamente, que descontada a amortización do capital supón algo máis de 6 millóns, o que permitirá afrontar investimentos.

Alude a un protocolo de colaboración coa Deputación, do que espera se podan obter outros 2 millóns de aportación.

Finalmente, sinala que se acude ao crédito por 2 millóns de euros, menos do que se amortiza, segundo expón.

Pregunta o Sr. **Corujo Seguido** cáles son as Direccións xerais, contestándose polo Sr. **González Carballo** que dúas en infraestruturas (servizos e proxectos) e unha en mobilidade.

Intervén o Sr. **Millares Jorge** que, en primeiro lugar, amosa o seu desacordo pola falta de información remitida, que se limita a memoria e en escaso tempo de antelación. Pese a todo, sostén, intentará unha análise e, así, entende que non cambian substancialmente os anteriores, sen que se contemplan políticas sociais nin fomento de iniciativas empresariais. No que atinxe ao Cap. I entende que os órganos de Dirección non son necesarios, apunta como diminúe o persoal de colaboración, desaparece o ILE s (iniciativas locais de emprego), fala de partidas amortizadas no Cap. I por importe de 300-400.000 € que non se compensan neste capítulo, salvo no que respecta ás Direccións xerais, propoñendo que esta cantidade se destinase a crear emprego público de calidade.

Insiste en que as Direccións Xerais non son necesarias nin prácticas, e que as súas retribucións en exceso altas. Apunta que, ao tratarse de funcionarios, as funcións dos seus postos de orixe serán desenvolvidas por outros funcionarios, que non cobrarán por isto.

Considera que na memoria existe un exceso de "mirarse ao embigo", con tanta mención aos premios.

Alude a que o proxecto de ampliación do hospital do bipartito tamén era un proxecto privado, xa que se defendía que era a única forma de facer a ampliación, e a que de defenderse o público debería facerse en todo. Neste sentido critica as privatizacións xeneralizadas e avoga por recuperar concesións, potenciando o público, como no servizo de grúa, axuda no fogar...

No tema de ENCE, continúa, o seu sindicato ten clara a postura, manifesta, considerando



que non é boa solución enfrontar aos traballadores cos cidadáns e empresarios. Cree que habería que buscar un entendemento, xa que “moitas familias viven da empresa”, non compartindo o que a memoria expón respecto deste tema.

Amosa a súa queixa o Sr. **Loureiro Taibo** porque non se lles consultou e a falta de participación cidadá na elaboración destes Orzamentos.

Insiste o Sr. **Fernández González** no escaso tempo de que dispuxeron para examinar os orzamentos, pero sinala que “non lles gustan” polo seu escaso compoñente social e de fomento do emprego. O incremento que presentan, precisa, é máis ou menos o que se prevé pagar a SOGAMA.

Considera o Sr. **Abal González** que é un avance que en 3 anos sexa a primeira vez que se traen ao CES, se ben poderían terlle dado o borrador aos colectivos veciñais para facelo máis enriquecedor.

Intervén o Sr. **Conde Farto** para, respecto ao emprego público, remitirse a un documento que presentaron no propio CES. Comparte o exposto respecto da creación de emprego público de calidade e municipalización de servizos, aínda sendo consciente das dificultades actuais para conseguir tal. Pide maior fiscalización das empresas concesionarias.

Reitera o Sr. **Corujo Seguido** o escaso tempo disposto para ver a documentación facilitada, demanda máis políticas de emprego e, respecto do tema de ENCE, sinala “a dificultade para mover a fábrica”, pedindo un estudo máis global da dinamización da cidade e que os postos de traballo se intenten manter.

Entende que estes orzamentos son “continuistas” o Sr. **Vidal Trillo**, amosándose así mesmo a favor da municipalización dos servizos.

Tamén incide o Sr. **Barros Pereira** na limitada antelación coa que se entrega a documentación que se analiza, manifestando a súa coincidencia en gran parte co manifestado polo Sr. Millares Jorge, demandando máis políticas de emprego e dinamización das empresariais.

Respecto do tema de ENCE a súa postura é coñecida: defenden calquera tipo de empresa legalmente establecida, con xeración de industria e emprego de calidade, riqueza e mesmo impostos, sostén.

Pide un CES máis transparente e participativo, que non ve, e así o ten repetido en diferentes ocasións, apunta. Neste sentido de novo lembra como a documentación se presenta con presa, sen posibilidade análise, o que considera un mal modo de actuación.

Matiza o Sr. **Millares Jorge** que os Orzamentos si se trouxeron ao CES nos anos 2014 e 2011. Chama a atención sobre que o cap. I é rexeitado por todos os sindicatos.

Manifesta o sr. **González Carballo** como nunha economía de mercado debería existir libre competencia, criticando a reforma da lei e “o regalo” do dominio público a unha empresa.

4. Información sobre a situación económico social do concello.

Pola Presidencia dáselle a palabra ao Sr. **Figueroa Dorrego**, quen pasa a dar conta dun informe elaborado a finais de decembro do ano pasado, polo que advirte de que existe un problema de actualización, problema que, engade, poderá corrixirse no tempo que se queira.

Explica o informe en cuestión, que consta no expediente da sesión, e advirte que non pretende ser un estudo socio económico da cidade, senón “unha recompilación de datos”. Aínda insistindo na insuficiencia do informe da unha visión rápida do mesmo e así alude á situación

positiva en poboación de Pontevedra en comparación coas restantes cidades de Galicia, poboación que se está a concentrar na cidade.

Alude ao tema do paro e demanda a aportación de datos por parte dos sindicatos. Dos analizados entende que a situación “non é boa, pero non é tan mala”.

Coméntase polos presentes como coa convocatoria remitiuse un borrador do informe de 2015, con ese carácter de mero borrador.

Lembra o Sr. **Millares** que segundo o Regulamento do CES esta valoración debería facerse no primeiro trimestre de cada ano, respecto do anterior.

Pregúntase pola **Presidencia** se esta información serviría para poder facer o SIP (sistema de información de Pontevedra).

Chama a atención o Sr. **Conde Farto** sobre como a aportación de datos pode chegar a facerse de forma parcial, poñendo exemplos dos aportados por outras Administracións, alude de feito á migración dos traballadores formados, cualificados, a cantidade de traballadores que non chegan ás rendas mínimas...

Apunta o Sr. **Corujo** que a proposta do SIP pode mellorarse, explica as fontes dos datos que poden seguir e advirte que a información cualitativa ten un custo: enquisas, estudos... Amosa a predisposición da Universidade a colaborar pero pide que aquelas entidades que dispoñan de información que a aporten, permitindo o seu cruce e aforros correspondentes.

Sen cuestionar a utilidade dos datos que se tratan e do tema en cuestión, chama a atención o Sr. **Rei Núñez** sobre o avanzado da hora, pedindo que se continúe coa orde do día ou, preferiblemente, que se aprace a sesión para que os restantes puntos se traten nunha vindeira convocatoria.

Coincide con esta petición o Sr. **Fernández González**, quen mesmo apunta que se trata de puntos pendentes que se incluíron a petición do propio PSdG-PSOE.

Á vista destas peticións, polos presentes e por común asentimento, **acórdase deixar os asuntos pendentes sobre a mesa para o seu tratamento nunha vindeira sesión, a convocar.**

*** Dado o anterior, polo Sr. **Vidal Trillo** faise entrega dun escrito que, segundo manifesta á súa vez lle entregaron a el mesmo, escrito asinado polo Sr. Presidente do Comité de empresa ENCE, a todos os presentes, solicitando que se incorpore entre a documentación da vindeira sesión e se debata na mesma.

Así mesmo, fai entrega doutro documento denominado “Diagnose socioeconómica”, do sindicato UGT e data novembro 2015, que se incorpora ao expediente da sesión.

Intervén o Sr. **Millares** para agradecer o traballo efectuado, polo que respecta ao punto tratado, e propor que teña lugar unha nova reunión antes da aprobación dos orzamentos, pedindo que non se trate xa dun “documento pechado”.

Da conta a Sra. **Gulías** de conversas mantidas coa Universidade para sistematizar os datos, e por iso existe unha partida nos orzamentos para desenvolver o SIP. Pide que os sindicatos colaboren na aportación de datos como apuntou o Sr. Dorrego.

Pregunta o Sr. **Abal** se entón está creado o SIP, contestándose polo Sr. **Figueroa Dorrego** que existe un compromiso co Concello que está reflectido nun contrato cun técnico. Traballárase este ano e comprobarase a súa utilidade, pero “hai que ser prudente cos cartos públicos”, conclúe.



SECRETARÍA PLENO

Lembra o Sr. **Abal** que esta iniciativa partiu dun “pacto local polo emprego” no ano 2013, de todos os partidos, criticando a tardanza do goberno municipal e insistindo en que o Sr. Figueroa Dorrego entregou o traballo en 2014, pero ata agora non se trouxo.

*** Neste momento, polo Sr. **Barros Pereira** apórtase un documento denominado “manifes-
to”, que se incorpora ao expediente da sesión, solicitando que se trate a súa adhesión na
vindeira sesión do CES.

E sen máis asuntos que tratar, de conformidade co acordado polos presentes, pola Presi-
dencia dáse por levantada a sesión, sendo as 21:51 h. do día indicado.

Pontevedra, 14.12.2015.
O SECRETARIO

Vº e PRACE, A PRESIDENTA

José Luís Mato Rodríguez.

María Carme da Silva Méndez.